

Imaxe tirada da serigrafía Muñeira (1967)
de Luis Seoane. Fundación Luis Seoane.



A Voltas co Baile

Alternativas sobre
a práctica do baile.
Dous casos de
reivindicación queer:
Mallorca e Asturias

Sábado 27 de abril de 2024
Auditorio do Museo do Pobo Galego

Xornada teórico-práctica:
10h30 a 13h30: **Mallorca**
con Bàrbara Durán

16h30 a 19h: **Asturias**
con Aida Mariño

Programa das xornadas:



Mais información e inscrición:

servizosdeac@museodopobo.gal
www.museodopobo.gal



Museo do Pobo Galego



A VOLTAS CO BAILE

Alternativas sobre a práctica do baile.

Dous casos de reivindicación queer:

Mallorca e Asturias.

Sábado 27 de abril de 2024.

Xornada teórico-práctica en horario de mañá e tarde.

O baile, como ferramenta de socialización, está a ser atravesado por debates e discursos latentes na sociedade. Os seus usos contemporáneos, a súa transmisión, a aprendizaxe con pautas de movementos corporais estereotipadas ou con códigos de relacionamento por xénero, son algúns dos focos de discusión que se están a colocar desde colectivos feministas e parte da comunidade portadora deste ben.

Despois de ter analizado noutras xornadas o baile comunitario que se desenvolve en Galicia desde estas perspectivas xunto a Mercedes Peón ou o proxecto *Andar cos tempos*, nesta 12º edición queremos pór o foco noutros lugares onde as reivindicacións sobre a práctica do baile están emerxendo.

O obxectivo deste encontro é xerar un espazo onde compartir argumentos de debate, problemáticas e alternativas. Farémolo de xeito teórico máis tamén experimentando co corpo a través dunha práctica para coñecer bailes e danzas de Mallorca e Asturias sen estereotipos de xénero.



Museo do Pobo Galego



PROGRAMA

Bailar, reivindicar e sentir: as danzas tradicionais contemporáneas nas Illas Baleares.

Con **Bàrbara Durán Bordoy**.

De 10h30 a 11h30: Parte teórica.

Durante a última década, diversas actuacións de colectivos feministas e LGTBI fixéronse visibles en manifestacións de música e danzas tradicionais. O marco festivo, os lugares públicos de performance, a emoción compartida e as reivindicacións de xénero nun repertorio historicamente patriarcal serán analizados nesta charla.

- Clasificación básica das danzas das Illas Baleares e as Pitiusas, dous mundos sociais e xeográficos diferentes.
- Evolución da transmisión das danzas: desde o mundo rural ás achegas da Sección Femenina, e dos grupos que xorden posteriormente. Adaptacións sociais: das danzas rurais aos escenarios turísticos. Turistificación, adaptación das coreografías, sociedade cambiante a partir dos anos 60/70.
- Espazos adaptados á nova realidade. Contemporaneidade do baile tradicional.
- Reivindicacións feministas e queer no baile tradicional actual. Diferentes modelos: Integrador, reivindicador e de apropiación.
- A danza como escenario das novas realidades sociais. Papel reivindicativo da identidade local?

De 12h a 13h30: Parte práctica.

- O ostinato de Sant Antoni, danza.

Considérase unha danza de figuras simple, mais moi reforzada pola parte instrumental, o forte ostinato rítmico e a participación colectiva.

- Danzas de figuras: els Moretons de Manacor.

As danzas de figuras son as que teñen sido obxecto das demandas feministas. A través deste exemplo, poderemos facer unha aproximación a un mundo coreográfico moi fechado e ritual.

- Jota mallorquina, exemplo de danza para compartir. De danza en parella a danza colectiva.

A jota mallorquina era bailada antigamente por parellas, na actualidade é unha danza bailada colectivamente.

- La bullanguera del Llevant de Mallorca: baile en parella e en cadea.

A bullanguera del Llevant de Mallorca conserva a característica de danza na cal as cadeas permiten cambiar de parella. Estes cambios de parella posibilitaron introducir propostas que rompen con normas establecidas, xerando un dos debates que se analizarán na parte teórica.

- **Non é necesario ter coñecementos en baile.**

Bàrbara Duran Bordoy é doutora en Historia da Arte e Musicoloxía pola Universitat Autònoma de Barcelona. Máster en Xestión cultural, estudou o grado superior de Piano, Solfexo e Repentización, ademais do grado en Fautas de pico polo Trinity College e o grado profesional de Órgano. Coas súas publicacións sobre música, obtivo diversos premios polos seus ensaios entre os que destaca o "Ciutat de Manacor" en 2019 pola súa tese doutoral.

O control dos corpos no baile tradicional asturiano: alternativas desde unha perspectiva tradicuir.

Con **Aida Mariño Ardura**.

De 16h30 a 17h30: Parte teórica.

Nesta charla levarase a cabo unha análise dos mecanismos e estratexias de control dos corpos que participan no baile tradicional asturiano con exemplos audiovisuais. Analizarase en que maneira se manifesta o discurso normativo e a influencia que teñen os eventos socio-históricos máis importantes.

- Contexto do baile tradicional en Asturias.
 - Coros y Danzas de Sección Femenina vs. Grupos de investigación etnográfica.
 - Despois do 2008: o caso das Nueches en Danza.
- Control dos corpos: observación de mecanismos e estratexias normativas.
- Proposta de alternativas á norma.

De 18h30 a 19h. Parte práctica.

Aplicación das reflexións teóricas. Busca doutras formas de bailar e expresarse máis inclusivas, feministas e LGTBIQ+. Alternativas ás marcas e roles de xénero, a normatividade ou a performance heterosexual no baile: outras marcas visuais, consentimento, comunicación e consenso.

· **Necesario ter coñecementos básicos en baile. Se non se ten, pódese participar de ouvinte.**

Aida Mariño Ardura medrou nunha vila de Cudillero, rodeada de música tradicional, co seu pai tocando a gaita e súa nai o tamboril en distintas agrupacións e escolas de música. Aos 12 anos tivo o seu primeiro contacto co baile por medio dun grupo de baile folclórico herdeiro da Sección Femenina. Pouco despois pasou a formar parte dun dos grupos de investigación máis coñecidos en Asturias até os 19 anos. Ao comezar a carreira de Musicoloxía e mudarse a Uviéu tivo contacto co movemento LGTBIQ+ asturiano e o activismo. No ano 2018 entrou no colectivo Les Pites, coa intención de atopar e crear espazos seguros e inclusivos para mulleres e persoas queer dentro do baile tradicional asturiano. Desde 2019 é profesora de baile, incorporando unha perspectiva feminista e queer nos seus obradoiros. Actualmente estase a doutorar en Musicoloxía.

INSCRICIÓNS

Antes do 25 de abril

servizosdeac@museodopobo.gal

Prazas limitadas. Xornada para persoas adultas.

De balde para persoas socias e desempregadas.

Prezo xeral de 5€



**A Voltas
co Baile**

Alternativas sobre
a práctica do baile.
Dous casos de
reivindicación queer:
Mallorca e Asturias

Sábado 27 de abril de 2024
Auditorio do Museo do Pobo Galego

Xornada teórico-práctica:
10h30 a 13h30: **Mallorca**
con Bárbara Durán

16h30 a 19h: **Asturias**
con Aida Mariño

Programa das xornadas:



Imaxe tirada da revista Malloca (1987)
de Luis Novas. Traducida por Luis Novas.



Museo do Pobo Galego

XUNTA
DE GALICIA

Deputación
DA CORUÑA

CONCELLO DE
SANTIAGO